



**ACTA XUNTA DE GOBERNO**  
**SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E TRES DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS**  
**(ACTA NÚMERO 36)**

**Presidente:**

D. José Tomé Roca

**Sres/as. Deputados/as:**

D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

**Secretario:**

D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventor:**

D. Manuel Roel Hernández-Serrano

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e tres de setembro de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventor don Manuel Roel Hernández-Serrano, Interventor Adxunto.

Non asiste a señora Deputada dona Mónica Freire Rancaño.

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZASEIS DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezaseis de setembro de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

### **2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE APARATOS ELEVADORES NOS DISTINTOS CENTROS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do servizo de mantemento de aparatos elevadores nos distintos centros da Deputación de Lugo, 2022/CON\_02/000060, consta no mesmo:

Memoria xustificativa do contrato e orde de inicio, con CSV: IV7AQGYDNU5OZG5KVRPM6VXHIA.

Prego de prescricións técnicas, asinado pola Xefa do Servizo de Arquitectura con CSV: IV7D2KXLKAX34VHL7RQXCQZOIE.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7D3QBDEAFD2T6T6PWNKTRTKI.



Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV:  
IV7ASLSMFV6M4TZ4S76WKUAS6E.

Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV:  
IV7ASLSCHNZDXVE62VX5FYQ7E4.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV:  
IV7ASLYIZUN57CF5DRNN6JTB4A.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a contratación do servizo de mantemento de aparatos elevadores nos distintos centros da Deputación de Lugo, expediente 2022/CON\_02/000060, con duración de dous anos, prorrogable por outros dous anos mais.

**2º.-** Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

**3º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, para unha duración de dous anos, que ascende a 18.200,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 3.822,00 €, o que fai un total de 22.022,00 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

O importe do contrato ascende a 22.022,00 €, IVE engadido, e financíase de acordo o seguinte detalle:

CENTRO	APLICACIÓN	ANO 2023	RC/23	ANO 2024	RC/24
PAZO PROVINCIAL	9200.212	2.904,00	220229/456	2.904,00	220229/456
SANTA MARÍA	9320.212	2.904,00	220229/457	2.904,00	220229/457
MUSEO PROVINCIAL	3330.212	1.452,00	220229/458	1.452,00	220229/458
ESCOLA IMAXE E SON	3241.212	1.815,00	220229/459	1.815,00	220229/459
EDIFICIO SAN MARCOS Nº 11	9330.212	1.452,00	220229/460	1.452,00	220229/460
MUSEO PAZO DE TOR	3332.212	484,00	220229/461	484,00	220229/461
SUMA		11.011,00		11.011,00	
<b>TOTAL</b>	<b>22.022,00</b>				

O presente contrato de gasto anticipado cumpre o establecido no artigo 117.2 da LCSP e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2023 e 2024 as cantidades indicadas nas aplicacións sinaladas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

### **3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.**

*Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: LUGO.- Reparación fachadas Pazo Provincial.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:



“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 19-09-2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“(…)

Antecedentes.

1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7CGTR7CFM6TKR75UMCOUKTJY<sup>1</sup>.

2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: LUGO.- Reparación fachadas Pazo Provincial, redactado pola Técnica superior edificacións e obras D<sup>a</sup> Ana Belén Mera Arias.

3. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7CGT3PB565XDML2M6WOAPSGY.

4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7DVXIPGBPSZ66O2XUMEVDEMY.

5. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7DVXJNFVPYUWB7UJ7ECZISLY.

6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7DVX3JCBOCZTG6AUEMGPXAB4.

7. Acordo da Xunta de Goberno, de data 29/04/2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7DW2R5BHXTT7V64QOF6H7SOQ.

8. Publicación, o día 29/04/2022, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)).

9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

---

<sup>1</sup> Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 26/05/2022, para apertura da documentación administrativa e oferta técnica con CSV: IV7DSLANZZEKT3HT6F7CAA3VCI.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “documentación administrativa”, resultando que todas presentan a documentación correctamente. A mesa de contratación acordou admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procedeuse á apertura do arquivo “oferta técnica”, que unha vez abertos remitiuse ao Servizo de Vías e Obras para que foran revisados, analizados e valorados de acordo co establecido no PCAP.

11. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7D7QHCJB64XTPC6BYDKZAGG4, reunida en acto público con data 22/06/2022, dando conta do informe do técnico, relativos aos criterios de xuízo de valor, acordando deixalo encima da mesa para un mellor estudo.

12. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7DYL73FA7JL7X3ZRMXMIARCM, reunida en acto público con data 01/07/2022, dando conta do informe do técnico, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-, do que resulta a seguinte puntuación:

EMPRESA	PUNTOS
MEDIOAMBIENTAL LUCENSE SL	16
MERAKI CR SL	10
REPASEGUR GALICIA SL	5

Así mesmo procedeuse á apertura das ofertas económicas, resultando:

LUGO.- REPARACIÓN FACHADAS PAZO PROVINCIAL

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

170.000,00	
140.495,87	29.504,13

IVE. PARTIDA INDEPEND

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACION EXIGIDA:

PRAZO DE EXECUCION:

3 MESES

2.809,92 €

	EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	OBJETIVOS (75)			CRITERIO DESEMPATE
			PREZO ( IVE incluído :- art 102 ) (50)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA (20)	PROGRAMA DIVULGACIÓN (5)	Plantel / Discapacitados
1	MEDIOAMBIENTAL LUCENSE SLU		150.645,00 €	7,00	1.500,00	1/0
2	MERAKI CR SL		155.581,99 €	12,00	2.571,60	12/0
3	REPASEGUR GALICIA SL		124.484,80 €	7,00	2.000,00	9/0



Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra, incorporando a puntuación obtida na valoración dos criterios de adxudicación cuantificables mediante xuízo de valor. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)	OBJECTIVOS (75)							XUÍZO DE VALOR - SUBJECTIVOS (25)	TOTAL
	PREZO (50)		AUMENTO PRAZO DE GARANTÍA (20)		PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5)			MEMORIA TÉCNICA	
	OFERTA (INCLUIDO IVA)	PTOS	MAX 7 ANOS		MAXIMO 2% V.E.	2.809,92 €		SEGUNDO INFORME TÉCNICO	
			SI/NO	PTOS	IMPORTE	PTOS	PTOS		
1 MEDIOAMBIENTAL LUCENSE SLU	150.645,00 €	21,26	7	11,67	1.500,00	2,92	16,00	51,85	
2 MERAKI CR SL	155.581,99 €	15,84	12	11,67	2.571,60	5,00	10,00	42,51	
3 REPASEGUR GALICIA SL	124.484,80 €	50,00	7	11,67	2.000,00	3,89	5,00	70,56	

A mercantil Meraki CR SL, en relación co aumento do prazo de garantía, indica un prazo de aumento de 12 anos, cando o máximo a valorar segundo o indicado no PCAP son 7 por encima dos 5 que xa son obrigatorios, polo que soamente se valoran os 7, se ben de resultar adxudicatario deberá cumprir os 12 ofertados mais os 5 obrigatorios.

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA
			Oferta
1	MEDIOAMBIENTAL LUCENSE SLU		150.645,00 €
2	MERAKI CR SL		155.581,99 €
3	REPASEGUR GALICIA SL		124.484,80 €

MEDIA

143.570,60

BAIXA DESPROPORCIONADA

129.213,54

10% ARRIBA

157.927,66

A vista do anterior, observase que a oferta da mercantil Repasegur Galicia SL, incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, polo que, a mesa acorda que polo Servizo de Contratación e Fomento –Unidade de Obras e Plans-, se tramite a concesión da apertura do trámite de audiencia ao contratista indicado, concedéndolle un prazo de 5 días hábiles para que xustifique a súa oferta ao ser considerada incurso en presunción de anormalidade, e precise as condicións da

mesma, nos termos establecidos no PCAP, e se remita ao Servizo correspondente a fin de emitir informe en relación coa xustificación da amentada baixa desproporcionada.

13. En data 04/07/2022 foi requirida a mercantil Repasegur Galicia SL, a través da Plataforma de contratos do Sector Público para que presentara xustificación da oferta anormalmente baixa, concedéndolle un prazo de 5 días hábiles, e sendo presentada xustificación o 11/07/2022, remitíndose a Unidade de Proxectos para que emitira informe ao efecto, que foi emitido o 05/08/2022.

14. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7AU6AJHQ6TQSHSWQFNAIZC44, reunida en acto público con data 12/08/2022, dando conta do informe do técnico, relativo á oferta anormalmente baixa da mercantil Repasegur Galicia SL, no que se indica os seguintes extremos:

“(…)

Respecto a los medios auxiliares previstos por la empresa, no parece incluirse en el cuadro de costes partida para andamiaje en el Salón de Plenos. El andamio europeo, según la oferta, es para los jardines. Los andamios de borriqueta podrán ser empleados en los laterales del Salón, pero en toda la zona central no son válidos puesto que la altura es superior a la permitida para este tipo de andamiaje. El coste previsto en proyecto correspondiente a este andamiaje es de 8.208,11 €. Solicitada aclaración a la empresa licitadora, se recibe escrito el día 3 de agosto de 2022 (2022RT011016), en el cual se indica que dicha partida no estaba contemplada en su presupuesto (Se adjunta solicitud de aclaraciones y escrito de contestación recibido).

No se considera por tanto, a juicio de quien suscribe, justificada, la oferta presentada por la empresa Repasegur Galicia S.L. en relación con el expediente de contratación de las obras de: Lugo.- Reparación fachadas pazo provincial (2022/CON\_02/000029).

A Mesa, tendo en conta o informe anteriormente citado, por unanimidade, acorda aceptalo e en consecuencia facelo seu, incorporándoo ao expediente, polo que procede a clasificación do resto de ofertas de acordo ao cadro de valoración indicado na mesa de data 01/07/2022.





Visto canto antecede, así como as Actas das mesas celebradas o 26/05/2022; 22/06/2022 e 01/07/2022, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao Órgano de Contratación a seguinte proposta:

a) Excluir a proposta presentada pola mercantil Repasegur Galicia SL, por incorrer en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa e non considerarse xustificada a mesma.

b) Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL
1	MEDIOAMBIENTAL LUCENSE SLU	51,85
2	MERAKI CR SL	42,51

c) Requirir á empresa Medioambiental Lucense SLU para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios que se indican no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 6.225,00 euros, que supón o 5% do prezo de adjudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

15. Por resolución da Presidencia de data 18/08/2022, con CSV: IV7AVSS4MF5OJ5G2WQYC4R2H64, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Medioambiental Lucense SLU, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 22/08/2022, rematando o prazo de

presentación o día 05/09/2022. A mercantil Medioambiental Lucense SLU, presentou documentación o 01/09/2022 a través da plataforma de contratos do sector público.

16. Acta da mesa de Contratación de data 08/09/2022 no que se deu conta da documentación presentada pola mercantil Medioambiental Lucense SLU, e observándose que non presentou toda a documentación esixida na cláusula 17 do PCAP en relación co artigo 150 da LCSP, polo que a mesa acordou concederlle un prazo de 3 días para que presente o completo da documentación establecida na cláusula 17 do PCAP.

17. En data 08/09/2022 requiriuse á mercantil Medioambiental Lucense SLU para que presentara o completo da documentación establecida na cláusula 17 do PCAP, a través da plataforma de contratos do sector público, concedendolle de prazo 3 días, e dicir ata o 13/09/2022.

18. En data 09/09/2022 a mercantil Medioambiental Lucense SLU presentou a documentación a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 19/09/2022, ós efectos da valoración da documentación do artigo 150 da LCSP, remitida como contestación aos requirimentos e a súa cualificación, compróbase que a empresa Medioambiental Lucense SLU presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles remitiu a documentación achegada ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Medioambiental Lucense SLU con C.I.F. B-27479823 representada por D. Modesto José Teijeiro Valledor con DNI \*\*\*0863\*\*, a contratación da obra denominada LUGO.- Reparación fachadas Pazo Provincial, nos termos seguintes:



- a. Prezo de 150.645,00 €, dos cales 26.145,00€ corresponden ao IVE (21%).
- b. Aumento do prazo de garantía en 7 anos por enriba dos 5 obrigatorios, resultando un prazo de garantía de 12 anos.
- c. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 1.500,00€ mais IVE.
- d. Prazo de execución de 3 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización “de conformidade”, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar á empresa Medioambiental Lucense SLU con C.I.F. B-27479823 representada por D. Modesto José Teijeiro Valledor con DNI \*\*\*0863\*\*, a contratación da obra denominada LUGO.- Reparación fachadas Pazo Provincial, nos termos seguintes:

- a. Prezo de 150.645,00 €, dos cales 26.145,00€ corresponden ao IVE (21%).
- b. Aumento do prazo de garantía en 7 anos por enriba dos 5 obrigatorios, resultando un prazo de garantía de 12 anos.
- c. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 1.500,00€ mais IVE.
- d. Prazo de execución de 3 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

**2º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

**3º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

**4º.-** Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.



5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.**

*Proposta en relación coa contratación da obra: BARREIROS.- Rehabilitación superficial con regos con gravilla LU-P-0605 “Benquerencia (N634) – Suigrexa (LU-P-0607)”, P.K. 0+000 a 1+200, LU-P-0606 “Benquerencia (N634) – Pedregas (LU-P-0607)”, P.K. 0+473 a 0+707 e LU-P-0607 “Benquerencia (N634)- Praia de Fontela (LU-P-0610)”, P.K. 0+000 a 2+043.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Tendo en conta o acordo da Xunta de Goberno de data 01/07/2022, con CSV: IV7DYLXLOBBC7G734MFH4F7TGM, relativo á aprobación do procedemento de licitación aprobado para a obra BARREIROS.- Rehabilitación superficial con regos con gravilla LU-P-0605 “Benquerencia (N634) – Suigrexa (LU-P-0607)”, P.K. 0+000 a 1+200, LU-P-0606 “Benquerencia (N634) – Pedregas (LU-P-0607)”, P.K. 0+473 a 0+707 e LU-P-0607 “Benquerencia (N634)- Praia de Fontela (LU-P-0610)”, P.K. 0+000 a 2+043 GTM: Expte 2022/CON\_02/000051, e unha vez publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público, e vencidos os prazos de presentación de ofertas, celébrase mesa de contratación.

Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 18/07/2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Pola Presidencia, dáse conta da licitación publicada na Plataforma de Contratación do Sector Público, para a obra identificada como BARREIROS.- Rehabilitación superficial con regos con gravilla LU-P-0605 “Benquerencia (N634) – Suigrexa (LU-P-0607)”, P.K. 0+000 a 1+200, LU-P-0606 “Benquerencia (N634) – Pedregas (LU-P-0607)”, P.K. 0+473 a 0+707 e LU-P-0607

“Benquerencia (N634)- Praia de Fontela (LU-P-0610)”, P.K. 0+000 a 2+043, o 01/07/2022, e de acordo coa información reportada pola plataforma de Contratación do Sector Público, ningunha empresa presentou proposición.

O prazo de presentación de ofertas (término) remataba ás 23.59 horas do día 14/07/2022.

A vista do anterior, a Mesa de Contratación acorda, declarar deserta a licitación ao non presentar oferta ningunha empresa, elevando a Acta ao órgano de Contratación, para o seu coñecemento.”

Vistos os informes do Servizo de Vías e Obras, con CSV: IV7ASX2ZIAHMJSOPYVVH77XWGM, así como o Informe do Servizo de Contratación e Fomento con CSV: IV7ASH7SPI6652EPYQXE5ZAFMA, relativos á apertura dun novo procedemento de licitación, negociado sen publicidade, por terse declarado deserto na licitación por procedemento aberto e segundo a previsión prevista no PCAP.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Declarar deserta a licitación da obra BARREIROS.- Rehabilitación superficial con regos con gravilla LU-P-0605 “Benquerencia (N634) – Suigreja (LU-P-0607)”, P.K. 0+000 a 1+200, LU-P-0606 “Benquerencia (N634) – Pedregas (LU-P-0607)”, P.K. 0+473 a 0+707 e LU-P-0607 “Benquerencia (N634)- Praia de Fontela (LU-P-0610)”, P.K. 0+000 a 2+043, por non presentar oferta ningunha empresa.

**2º.-** Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación por procedemento negociado sen publicidade, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a) apartado 1º, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada Lei, de conformidade co previsto na normativa e no propio PCAP, conservando a documentación, informes e pregos, en todo aquilo que non se opoña á normativa reguladora do procedemento negociado, e singularmente conservando unicamente os criterios automáticos ou dependentes de fórmula matemática para a fase 1. Na fase 2 “de Negociación” esta efectuarase unicamente co criterio prezo, e cun máximo de 20 puntos, e



utilizando a mesma formula que no PCAP, substituíndo o prezo de licitación pola oferta mais ventaxosa da fase 1. No caso de non presentar oferta na fase 2, de negociación, entederase que a oferta do prezo sería o presentado na fase 1 desta negociación, non obtendo puntuación neste apartado.

3º.- Dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite ás mercantiles Construcciones Isidro Otero SL, Carferlo SLU, Ovisa Pavimentos y Obras SLU e Cholo SL, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse convite aos licitadores, concedéndolle un prazo para presentación de ofertas na fase 1 ata as 23.59h do día 30-09-2022. O prazo para presentación na fase 2, de negociación, será o indicado no convite. Na fase de negociación únicamente se negociará co criterio prezo.

4º.- Dar traslado do acordo ao Servizo de Vías e Obras e a Intervención aos efectos oportunos.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.**

*Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Navia de Suarna coa finalidade común de colaborar na adquisición de inmovible denominado Muíño do Médico.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Navia de Suarna para a execución dos fins común de Adquisición de inmovible denominado muíño do médico, consta no mesmo:

Solicitud do Concello de Navia de Suarna con número de expediente no GTM: 2022/PES\_03/017718, que inclúe ademais:

- a. Proxecto ou memoria valorada do investimento.
- b. Declaracións responsables relativas a non ter débedas e ás obrigas a asumir polo Concello.

Memoria de impacto económico, con CSV: IV7ASXKZFIHDWW4YCMHV5ZDPO4.

Borrador de convenio con CSV: IV7ASXKZFHR7T5EP6JPX54TXP4.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7ASXK6JUELRG5JSZWGGQ2QIM.

Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

A solicitude cursada polo Concello establece unha distribución da financiación nas anualidades 2022 e 2023. A mesma resulta admisible considerando que dita distribución por anualidades resulta compatible coas finalidades propias desta Administración e así atender as necesidades que se poidan suscitar noutros concellos durante a anualidade de 2022, ampliando a acción dinamizadora desta institución Provincial.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Navia de Suarna coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Adquisición de inmovible denominado Muíño do Médico, con un orzamento total de 120.00,00€ euros.





2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 100.000,00 euros, dos que 50.000,00€ son con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2022 e 50.000,00€ con cargo a anualidade de 2023.

Para a anualidade 2023 a Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír no orzamento de 2023 a cantidade indicada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA ASAMBLEA XERAL, DE 19 DE XULLO DE 2022, DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO C DE PARADAI, LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“O Pleno, do Concello de Lugo, en sesión ordinaria, celebrada o día 30 de xuño de 2005, adoptou, entre outros, o acordo de aprobación definitiva, ao amparo do establecido no artigo 89.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, do Plan Especial de Reforma Interior do “Polígono C”, na zona comprendida entre a Ponte Romai e a Ponte da Estación, promovido pola Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A que establece como sistema de actuación a compensación.

A Xunta de Goberno Local, do Concello de Lugo, en sesión que tivo lugar o 14 de decembro de 2005, aprobou, definitivamente, o Proxecto de Estatutos e Bases de Actuación para a constitución da Xunta de Compensación do “Polígono C” do expediente de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana na zona comprendida entre a Ponte Romai e a Ponte da Estación, que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia número 34 , de data de 10 de febreiro de 2006.

O 18 de abril de 2007 constitúese a Xunta de Compensación, da unidade de actuación Polígono C, da zona comprendida entre a Ponte Romai a Ponte da Estación, mediante escritura outorgada polo notario D. José Manuel López Cedrón, baixo o protocolo número mil oitocentos vinte e dous e inscrita no rexistro xeral de entidades urbanísticas colaboradoras da Xunta de Galicia, baixo o número 28/07.

A propiedade da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A, neste polígono de actuación era a seguinte:

“Finca no lugar de Paradai, parroquia de San Lorenzo de Albeiros, termo municipal de Lugo, que ten unha caseta á dereita da súa entrada, distribuída en cuadra, na súa planta baixa dúas habitacións e unha cociña na súa parte alta, e un faiado con armazón de madeira e cuberta de lousa, que mide cento catro metros cadrados; un patio cunha fonte, dunha extensión superficial de un ferrado e dezaioito cuartillos, equivalentes a oito áreas, vinte e nove centiáreas, pola medida de Lugo, un almacén para curtidos e cortiza na parte oeste do patio, é dicir, dereita entrando, de oito cuartillos e a cuarta parte doutro de extensión, iguais a cento oitenta metros cadrados; outro almacén ao Sueste , é dicir, fronte entrando, que ocupa a extensión superficial de catro cuartillos, equivalentes a oitenta e sete metros cadrados ao lado do cal existe a canle que conduce las augas á fabrica e sobre dita canle, un miradoiro con balconcillos de ferro e á esquerda da porta de entrada e do patio, a casa fabrica con varios noques ou pilas para curtidos de peles na súa planta baixa, e no único alto que ten diferentes departamentos para habitar e un salón corrido para secadoiro de peles con faiado armazón de madeira e cuberta de lousa, que ocupa a extensión superficial dun ferrado e sete cuartillos, equivalentes a cincocentos oitenta e nove metros cadrados, existindo adherente, á parte Sueste, una horta regadía cunha caseta no seu fondo e varias arbores froiteiros, da extensión superficial de catro ferrados e trece cuartillos, equivalentes a vinte áreas, trinta centiáreas e setenta e un decímetros cadrados, ocupando todo o perímetro da caseta, patio, almacéns, casa fabrica e horta a superficie de oito ferrados, quince cuartillos, equivalentes a trinta e oito áreas, vinte e unha centiáreas e corenta e seis decímetros cadrados”.

Esta finca está inscrita no Rexistro da Propiedade Número un de Lugo, ao Tomo 1672, Libro 1233, Folio 107 e Finca 6345, sendo a súa referencia catastral 8039001PH1683N0001AK.



O Pleno desta Excma. Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de novembro de dous mil vinte adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“...a extinción da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A (SUPLUSA) con efectos desde o día 30 de novembro de 2020.

a aceptación da cesión do activo e pasivo consonte o artigo 83 da Lei 3/2009, do 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís...”

A cesión global de activo e pasivo implica a subrogación da Deputación na posición xurídica da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A respecto dos dereitos e obrigas dos que esta era titular.

Actualmente a participación da Deputación Provincial de Lugo neste polígono de actuación é do 27,67%, a segunda porcentaxe, por detrás de Land Company 2020 S.L que ten unha participación do 31,20%.

Na reunión celebrada, pola Xunta de Compensación do Polígono C de Paradai, en data de 7 de abril de 2022, acordouse a aprobación do presuposto de exercicio 2022 e réxime de aportación de derramas e a aprobación inicial do proxecto de compensación, condicionada á aprobación polo órgano competente da Deputación Provincial.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria de data de 27 de maio de 2022, aprobou os acordos adoptados pola Xunta de Compensación na reunión de 7 de abril de 2022.

Na reunión celebrada, pola Xunta de Compensación do Polígono C de Paradai, en data de 19 de xullo de 2022, acordouse a aprobación inicial do Proxecto de Compensación emendado.

Estas aprobación quedou condicionada á aprobación polo órgano competente da Deputación Provincial.

En data de 16 de setembro de 2022, con CSV IV7AS63ZFZOZUW5ZSJYS4XYUAU, emitiuse informe técnico sobre o Proxecto de Compensación referenciado que textualmente dí:

“En relación á solicitude procedente do Servizo de Patrimonio na que se requiría informe técnico sobre o Proxecto de Compensación do Polígono C de Paradai modificado, emítase o seguinte,

Informe:

Á vista do Proxecto de Compensación do Polígono C, en Paradai, Lugo, de data xullo do 2022, e en relación ás parcelas resultado para a Deputación de Lugo, cabe indicar a existencia dun cambio, adxudicándose a esta parcela o 36,8 % da parcela R-15 en lugar desta mesma porcentaxe na parcela R- 5.

O cambio indicado non constitúe prexuízo algún, se ben o contrario, pola reunión ou concentración de toda a superficie do solo resultante, para esta Deputación.

Sendo todo canto cabe informar neste sentido desde o ámbito competencial do técnico que subscribe.”

Polo exposto, e visto o informe emitido pola Sección de Patrimonio, en data de 19 de setembro de 2022, con CSV IV7ASEDNDX43LT54YFQAAY7B74 e o informe emitido pola Intervención, en data de 20 de setembro de 2022, con CSV IV7ASLZYABUJ3WMPQIBKFCFEM, propono á Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, que adopte os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar inicialmente o Proxecto de Compensación emendado correspondente ao Polígono C, Paradai, Lugo.

**2º.-** Notificar o presente acordo á Xunta de Compensación do Polígono C de Paradai, Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



**7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DUNHA ENTIDADE Á PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA COÑECE A TÚA PROVINCIA (ANUALIDADE 2022).**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto o escrito presentado por D. Marcos López López con DNI \*\*\*5032\*\* en representación da entidade “Asociación de Gandeiros da Fonsagrada” con NIF G27368455 en data 12/09/2022 e con nº de rexistro de entrada 2022RT012207 no que renuncia á participación no Programa Coñece a túa Provincia.

Vistas as bases da convocatoria do Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2022), aprobadas en Xunta de Goberno de data 30 de decembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o 17 de xaneiro de 2022.

Visto o acordo de Xunta de Goberno de data 11 de febreiro de 2022 polo que se aproba a listaxe de entidades para a participación no Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2022) e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 12 de febreiro de 2022.

Visto o informe do Servizo de Turismo.

A Deputada- Delegada que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a renuncia da Asociación de Gandeiros da Fonsagrada con NIF G27368455 para a participación no Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2022) e a perda do dereito desta entidade a participar na seguinte edición do programa atendendo ao sinalado na base 9.8 da Convocatoria.

**2º.-** Recurrir á lista de entidades admitidas para asignar as prazas concedidas a esta asociación, no momento en que exista dispoñibilidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- INICIO DE PROCEDIMIENTO DE EXPROPIACIÓN FORZOSA DA FINCA CON REFERENZA CATASTRAL Nº 7267104PH5776N0001HE NO CONCELLO DE A FONSAGRADA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Analizado o informe de Secretaría Xeral sobre a execución da Sentenza ditada no Procedemento Ordinario 983/2016, que se segue no Xulgado de 1ª Instancia Nº 1 de Lugo sobre a Residencia da Terceira Idade da Fonsagrada, do tenor literal seguinte:

“Informe da secretaría xeral sobre a execución da sentenza dictada no procedemento ordinario 983/2016 que se segue no Xulgado de 1ª Instancia Nº 1 de Lugo sobre a Residencia da Terceira Idade da Fonsagrada.

En relación co asunto referido, procede informar:

1º.- Con data 14 de setembro de 2022, pola empresa Abante, Arquitectura y Ingeniería, emitese informe urbanístico, que obra no expediente, da situación da parcela, que nos ocupa, e sobre as posibilidades da mesma, en relación coa Sentenza, de acordo co planeamento en vigor.

2º.- Con data 15 de setembro de 2022, o Director da Asesoría Xurídica e o Letrado da Asesoría Xurídica emiten un informe conxunto, detallado e pormenorizado, sobre a situación do procedemento 983/2016, que se segue no Xulgado de 1ª Instancia Nº 1 de Lugo, e sobre as actuacións provinciais realizadas, de cara a execución da Sentenza que recaeu no mesmo, do tenor literal seguinte:

2.- Polo que se refire ao estado da tramitación procesual obxecto do presente informe, constan neste Servizo, como máis significativos, os seguintes antecedentes:



2.1.- En data 16 de decembro de 2016 tivo entrada na Deputación Provincial de Lugo Demanda de Xuízo Ordinario PO 000983/2016 do Xulgado de Primeira Instancia Nº1 de Lugo presentada por Dona Dolores Trashorras Carreira fronte a esta Entidade.

2.2.- O día 2 de xaneiro de 2017 O Director da Asesoría Xurídica Provincial eleva proposta a Xunta de Goberno ao obxecto de comparecer no PO 000983/2016 do Xulgado de Primeira Instancia Nº1 de Lugo e realizar o emprazamento de todos os que aparezan como interesados.

2.3.- O día 2 de xaneiro de 2017 e en relación coa Cédula de Emprazamento do Xulgado de Primeira Instancia Nº 1 de Lugo, solicítase informe técnico aos Servizos de Patrimonio, de Vías e Obras e de Arquitectura da Deputación Provincial ao fin de comprobar se o edificio da Residencia da Terceira Idade da Fonsagrada cumpre ou non coa servidume de luces e vistas respecto do inmovible propiedade da demandante.

2.4.- O día 10 de xaneiro de 2017 o Servizo de Vías e Obras emite informe no que se sinala:

“a demanda refírese ao edificio para Asilo de Anciáns ou Centro de Atención á Terceira Idade sobre cuxa construción este Servizo de Vías e Obras non tivo intervención algunha, por non atoparse na zona de afección de ningunha vía de titularidade provincial cuxa xestión ten encomendada, polo que sen prexuízo da devolución de seu oficio orixinal a través do R.I. , xuntase a unha copia do mesmo a documentación remitida, ao considerar que o informe solicitado poderá ser realizado con máis fundamento polos Servizos de Arquitectura e Urbanismo desta Deputación e a os efectos da súa remisión a ditos Servizos”.

2.5.- O Servizo de Patrimonio da Entidade emite o seu informe o 13 de xaneiro de 2017 co seguinte teor :

“...Os antecedentes que contan nesta Sección de Patrimonio e Inventario Xeral do inmovible colindante co inmovible número de referencia catastral 7267104PH5776N0001 HE propiedade da demandante no procedemento PO 983/2016 son os seguintes:

Expediente de cesión gratuita de ben inmovible sito na rúa Parque nº 11 con número de referencia catastral 7267105PH5776N0001WE de propiedade do Concello da Fonsagrada a favor desta Deputación Provincial.

Consta certificación do acordo do Pleno do Concello da Fonsagrada de 14 de xullo de 2011 do seguinte teor: "Primeiro. Ceder gratuitamente o ben inmovible sito na Rúa Parque nº 11 con referencia catastral 726710SPHS776N0001WE a favor da Deputación Provincial de Lugo,

quedando suxeita á Deputación ao cumprimento da condición onerosa "construción dun centro de atención á terceira idade":

2.6.- O Servizo de Arquitectura da Deputación achega expediente administrativo para o PO 000983/2016 do Xulgado de Primeira Instancia Nº1 de Lugo, emitindo o informe solicitado no que se conclúe:

“Por lo tanto, podemos concluir que, en la obra de construcción del edificio del centro de atención a mayores, Residencial Rois, tanto la “Fundación Asilo de Ancianos” como la Diputación Provincial de Lugo, han respetado en todo momento la normativa, siendo Dª Dolores Trashorras Carreira, con la construcción de la ampliación de su vivienda, la que ha incumplido las condiciones pactadas respecto de la servidumbre de luces y vistas, intentando aprovecharse de dicha ilegalidad para fundamentar su demanda contra la Diputación Provincial de Lugo.”

2.7.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día 13 de xaneiro de 2017 e visto o escrito remitido polo Xulgado de 1ª Instancia nº 1 de Lugo, en relación co Procedemento Ordinario nº 983/2016 seguido a instancia de Dª. Dolores Trashorras Carreira fronte a esta Deputación, demandando o dereito de servidume de luces e vistas con respecto a un inmovible colindante desta entidade; por unanimidade acorda:

1º.-A comparecencia desta Entidade no procedemento anteriormente referenciado.

2º.- O emprazamento, de ser preciso, de todos os que aparezan como interesados no procedemento.

2.8.- Por Auto de data 10 de maio de 2017 o Xulgado de 1ª Instancia nº 1 de Lugo rexeita a Declinatoria que se formulou na que se alegaba que o órgano xurisdiccional competente para coñecer do litixio era o Xulgado de Primeira Instancia de A Fonsagrada e non o de Lugo;

...”Propuesta en forma la declinatoria, deberán seguirse los trámites previstos en el artículo 65 de la LEC.

Segundo.- En las presentes actuaciones no puede estimarse la solicitud formulada por la parte demandada de falta de competencia territorial, pues tras la entrega en vigor de la Ley 52/97, de 27 de noviembre de Asistencia Jurídica al Estado e Instituciones Públicas, en su artículo 15 se establece. “Para el conocimiento y resolución de los procesos civiles en que sean parte el Estado, los Organismos públicos o los órganos constitucionales, serán en todo caso competentes los Juzgados y Tribunales que tengan su sede en las capitales de provincia, en Ceuta o en Melilla.

Esta norma se aplicará con preferencia a cualquier otra norma sobre competencia territorial que pudiera concurrir en el procedimiento. La Diputación Provincial de Lugo es un organismo





público y por lo tanto afecta por lo dispuesto en dicho precepto, por lo que procede desestimar la declinatoria formulada y declarar la competencia territorial de este tribunal para conocer del procedimiento instado, continuando la tramitación de las presentes actuaciones.

Parte dispositiva.

Acuerdo desestimar la declinatoria por falta de competencia territorial formulada por el Procurador Sr/a Paloma de Vega Villa en nombre y representación de Diputación de Lugo, acordándose la continuación del curso de las presentes actuaciones por sus trámites.”

2.9.- Logo da notificación da Dilixencia de Ordenación do Xulgado de data 11 de maio de 2017, na que se acorda alzar a suspensión acordada para contestar a demanda, evacúase dito trámite o 16 de maio de 2017.

2.10.- Por Dilixencia de Ordenación do Letrado de Administración de Xustiza do Xulgado, de data 1 de setembro de 2017 acordouse:

“Acuerdo:

1.- Convocar a las partes a la audiencia previa al juicio para:

Intentar un acuerdo o transacción entre las mismas.

Examinar, en su caso, las cuestiones procesales que puedan obstar a la prosecución del proceso y a su terminación mediante una sentencia sobre su objeto.

Fijar con precisión el objeto del proceso y los extremos de hecho y de derecho sobre los que exista controversia.

Proponer y admitir prueba.

Examinar las cuestiones que, con carácter excepcional prevé la ley puedan plantearse en la misma.

2.- Señalar para la celebración de la audiencia el próximo día 1/12/2017 a las 11:20 horas, en la sede de este Órgano Judicial, citándose a las partes con las prevenciones que seguidamente se indican:

Las partes habrán de comparecer en la audiencia asistidas de abogado.

Si las partes no comparecen personalmente, sino a través de sus procuradores, deberán otorgar a éstos poder para renunciar, allanarse o transigir.

Si no comparecieran personalmente ni otorgaren el apoderamiento expresado se les tendrá por no comparecidos (artículo 414. 2 de la L.E.C.)

Si no comparece a la audiencia ninguna de las partes, se dictará auto de sobreseimiento del proceso, ordenándose el archivo de las actuaciones (artículo 414.3 de la L.E.C)

Si sólo comparece la parte demandada y ésta no alegare interés legítimo en que continúe el procedimiento, también se sobreseerá el proceso (artículo 414.3 de la L.E.C.)

Si fuera la parte demandada la que no concurriera a la audiencia, el acto se entenderá sólo con el actor (artículo 414.3 de la L.E.C.)

Si faltare a la audiencia el abogado de la parte actora, se sobreseerá el proceso, salvo que la parte demandada alegara interés legítimo en la continuación del procedimiento (artículo 414.4 de la L.E.C.)

Si faltare el abogado de la parte demandada la audiencia se seguirá con el demandante en lo que resultare procedente (artículo 414.4 de la L.E.C.)

Se informa a las partes de la posibilidad de recurrir a una negociación para intentar solucionar el conflicto, incluido el recurso a una mediación, en cuyo caso deben indicar en la audiencia su decisión al respecto y las razones de la misma.”

2.11.- Practicada a proba proposta e feitas as conclusións nos autos do Xuízo Ordinario 983/2016 seguidos a instancia de D<sup>a</sup> Dolores Trashorras Carreira fronte á Deputación sobre declaratoria de servidume de luces e vistas, o Xulgado de 1<sup>a</sup> Instancia nº 1 de Lugo ditou a Sentenza nº173/2020, de 17 de setembro, cuxo fallo foi o seguinte:

“Que debo estimar y estimo parcialmente la demanda interpuesta por la Procuradora Sra. Sierra Villaverde, quien actúa en nombre y representación de Dolores Trashorras Carreira y, en su consecuencia declaro que el inmueble de Doña Dolores Trashorras Carreira sito en c/ Parque, 13 de A Fonsagrada (con rfa. catastral 7267104PH5776N0001HE) tiene derecho de servidumbre de luces y vistas respecto del inmueble colindante de la demandada en las zonas y forma no sombreadas y señaladas en el plano que se adjunta a continuación (que resulta del plano núm. 19 del informe pericial del sr. Gómez Rodríguez que ha sido modificado para facilitar la comprensión de lo resuelto para las partes y terceros) y, en su consecuencia, deberá demolerse aquella parte de la construcción que no guarde la distancia mínima de 3 metros respecto de la servidumbre de luces y vistas que estrictamente se reconoce, lo que se determinará en ejecución de sentencia.

Desestimo la demanda en lo demás, estos es, respecto de la pretensión de adquisición por destino de padre de familia de la servidumbre de luces y vistas de la ventana abierta en la pared del Norte de la casa de Dolores Trashorras Carreira y de que la servidumbre de luces y vistas a la que se alude en la estipulación 5<sup>a</sup> de la escritura de 23 de setiembre de 1996 sea sólo a favor de la casa de Dolores Trashorras Carreira, sino que se declara recíproca en iguales condiciones y dimensiones para con la finca colindante.



Y, en consecuencia condeno a las partes a estar y pasar por esta declaración, todo ello sin expresa imposición de costas causadas en este procedimiento a ninguna de las partes.”

2.12.- Fronte á dita Sentenza a Deputación interpuxo recurso de apelación -RPL 615/2020– resolto pola Sección 1ª da Audiencia Provincial na súa Sentenza nº545/2021, de 27 de decembro, desestimando o recurso de apelación interposto, confirmando a Sentenza ditada polo Xulgado de 1ª Instancia de Lugo con imposición de costas á parte apelante, cuxo fallo foi o seguinte:

“Fallamos

Que debemos desestimar y desestimamos el recurso de apelación presentado por la Procuradora de los tribunales Sra. de Vega Villa, en nombre y representación de Deputación de Lugo, contra la Sentencia dictada por el Juzgado de Primera Instancia N ° 1 de Lugo, en fecha 17 de septiembre de 2020, en el procedimiento ordinario 983/2016, que se confirma.

Con imposición de las costas causadas en esta alzada a la parte apelante.

Procédase a dar al depósito el destino previsto de conformidad con lo dispuesto en la Disposición Adicional Decimoquinta de la LOPJ, si se hubiera constituido.

Notifíquese la presente resolución a las partes conforme art. 248.4 LOPJ, haciéndoles saber que contra la misma no cabe recurso ordinario alguno, sin perjuicio de que pueda interponerse el recurso extraordinario por infracción procesal o de casación, si concurre alguno de los supuestos previstos en los artículos 469 y 477 de la Ley de Enjuiciamiento Civil, en cuyo caso el plazo para la interposición del recurso será el de veinte días, debiendo interponerse el recurso ante este mismo Tribunal.”

2.13.- A citada Sentenza de data 27 de decembro de 2021 non é susceptible de recurso ordinario algún, sen prexuízo de que poida interpoñerse o recurso extraordinario por infracción procesal ou de casación, e así se comunicou ao departamento correspondente, que solicitou á Asesoría Xurídica informe sobre a viabilidade de interposición do citado recurso extraordinario, emitíndose o mesmo en data 19 de xaneiro de 2022 no sentido de non interpoñer dito recurso.

2.14.- A través da Dilixencia de Ordenación de data 9 de febreiro de 2022 a Sección nº 1 da Audiencia Provincial de Lugo acorda o seguinte:

“Siendo firme la resolución dictada en el presente rollo de apelación, acuerdo:

1.- Devolver los autos al juzgado de instancia correspondiente, junto con certificación de aquélla.

2.- Librar los despachos oportunos para su remisión.”

2.15.- Pola Dirección da Asesoría Xurídica e en base ao anteriormente exposto, propúxose á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos

1.-Dar conta do fallo contido na devandita Sentenza nº 173/2020, de 17 de setembro, ditada polo Xulgado de 1ª Instancia nº1 de Lugo no Procedemento Ordinario 983/2016, no cal acorda: “Que debo estimar y estimo parcialmente la demanda interpuesta por la Procuradora sra. Sierra Villaverde, quien actúa en nombre y representación de Dolores Trashorras Carreira y, en su consecuencia declaro que el inmueble de Doña Dolores Trashorras Carreira sito en c/ Parque, 13 de A Fonsagrada (con rfa. catastral 7267104PH5776N0001HE) tiene derecho de servidumbre de luces y vistas respecto del inmueble colindante de la demandada en las zonas y forma no sombreadas y señaladas en el plano que se adjunta a continuación (que resulta del plano núm. 19 del informe pericial del sr. Gómez Rodriguez que ha sido modificado para facilitar la comprensión de lo resuelto para las partes y terceros) y, en su consecuencia, deberá demolerse aquella parte de la construcción que no guarda la distancia mínima de 3 metros respecto de la servidumbre de luces y vistas que estrictamente se reconoce, lo que se determinará en ejecución de sentencia.

Desestimo la demanda en lo demás, estos es, respecto de la pretensión de adquisición por destino de padre de familia de la servidumbre de luces y vistas de la ventana abierta en la pared del Norte de la casa de Dolores Trashorras Carreira y de que la servidumbre de luces y vistas a la que se alude en la estipulación 5ª de la escritura de 23 de setiembre de 1996 sea sólo a favor de la casa de Dolores Trashorras Carreira, sino que se declara recíproca en iguales condiciones y dimensiones para con la finca colindante.

Y, en consecuencia condeno a las partes a estar y pasar por esta declaración, todo ello sin expresa imposición de costas causadas en este procedimiento a ninguna de las partes.”

2.-Solicitar cantos informes resulten necesarios para a realización dos trámites aos que se refire o fallo da devandita Sentenza.

2.16.- A Xunta de Goberno o día dezoito de marzo de dous mil vinte e dous, ao obxecto do cumprimento da Sentenza nº 173/2000, de 17 de setembro, ditada polo Xulgado de 1ª Instancia nº 1 de Lugo no Procedemento Ordinario 983/2016 e posterior Sentenza no 545/2021, de 27 de decembro, ditada pola sección nº 1 da Audiencia Provincial de Lugo no recurso de apelación 615/2020, aprobou dita proposta de acordo.

2.17.- Dando cumprimento ao acordado pola Xunta de Goberno, o Presidente da Deputación solicita a emisión dos seguintes informes:



Primeiro.- Á Unidade de Proxectos, a fin de que se informe sobre o alcance técnico da execución do establecido na sentenza con respecto á edificación e ao seu uso.

Segundo.- Ao Servizo de Benestar Social e Igualdade, unha vez determinado o alcance técnico da execución do establecido na sentenza con respecto á edificación e ao seu uso, se emita informe Técnico-Social.

Terceiro.- Á Asesoría Xurídica Provincial, informe sobre o estado da tramitación procesual, no Procedemento Ordinario 983/2016 que se segue no Xulgado de 1ª Instancia nº1 de Lugo.

2.18.- O último trámite notificado no procedemento xudicial foi a Dilixencia de Ordenación de data 9 de febreiro de 2022 da Sección nº1 da Audiencia Provincial de Lugo na que se acorda o seguinte:

“Siendo firme la resolución dictada en el presente rollo de apelación, acuerdo:

1.- Devolver los autos al juzgado de instancia correspondiente, junto con certificación de aquélla.

2.- Librar los despachos oportunos para su remisión.”

2.19.- Natureza e alcance do informe e a súa contextualización.

O presente informe ten carácter facultativo e non vinculante nin determinante tal e como sinala o Regulamento de organización e funcionamento desta Asesoría Xurídica e limítase a dar resposta á consulta feita polo Sr. Presidente sobre o estado da tramitación procesual do procedemento PO 000983/2016 do Xulgado de Primeira Instancia Nº1 de Lugo, sen entrar a valorar outros extremos.

3º.- Con data 20 de setembro de 2002 a Xefa do Servizo de Benestar Social e Igualdade, emite un extenso e, a xuízo do que suscribe, moi ben fundamentado informe, que obra no expediente, dende o punto de vista técnico social, sobre o asunto que nos ocupa, no que en síntese, conclúe:

A realización das obras necesarias para levar a cabo o cumprimento da Sentenza nº 545/2021, de 27 de decembro, ditada pola Sección nº1 da Audiencia Provincial de Lugo no recurso de apelación 615/2020, isto é a demolición daquela parte da construción que non garde a distancia mínima de 3 metros respecto da servidume de luces e vistas que se recoñece, serían totalmente incompatibles coas prestacións levadas a cabo no CAM de A Fonsagrada, polo que, non cabería outra opción que o seu peche total e temporal, ata o remate das mesmas e a obtención dunha nova autorización sectorial por parte de Política Social da Xunta de Galicia.

Para proceder ao peche do CAM deberá tramitarse obrigatoriamente a autorización de cesamento ante o órgano competente en materia de autorización e inspección da Consellería da Xunta de Galicia con competencia en materia de servizos sociais, cun mínimo de tres meses de antelación en relación coa data prevista para o cesamento. Esta solicitude deberá ir acompañada, entre outros, pola acreditación do estado, situación e destino previsto para as persoas usuarias do servizo, así como, o novo proxecto, o cal deberá ser informado favorablemente por este órgano.

O peche do CAM implicaría deixar nunha situación de desamparo ás actuais persoas usuarias, tendo en conta o seu perfil. Esta situación impediríalles a un número significativo de persoas poder acceder a un recurso similar, sendo totalmente imposible respectar o arraigo na Fonsagrada por non existir prazas dispoñibles necesarias e suficientes para cubrir esta situación, non sendo unha opción viable retornar aos seus antigos fogares, por non poder garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia, tal e como establece a LSSG.

Esta situación xeraría sen dúbida un grave e alto impacto socioemocional ás persoas residentes que afectaría a súa estado de benestar (saúde, vivenda, etc.) que afectará a súa calidade de vida, así como ao resto da comunidade vinculada co actividade do CAM de A Fonsagrada.

O solar no que se sitúa o CAM da Fonsagrada está cualificado nunha parte como Sistema Xeral de Equipamentos Comunitarios, cualificación que tamén inclúe a edificación situada no número 13 (a que dá orixe á resolución xudicial), polo que, a incorporación da parcela causante da servidume, permitiría respectar o actual patio interior e zona de deambulación controlada, pero tamén ofrecería melloras como: ampliar as zonas de lecer; as zonas de deambulación; os espazos para compartir co resto da poboación non usuaria do centro; incrementar a luz ás instalacións actuais; proxectar a opción de creación de novas prazas residenciais que atendan a alta demanda asistencial actual, etc.. Estas melloras repercutirían directamente tanto no servizo de atención residencial como no servizo de atención diúrna, non sendo necesario a paralización das prestación dos servizos, respectando o dereito adquireo polas actuais persoas residentes.

A xuízo de quen subscribe, esta opción sería a idónea por ser socialmente viable e a que máis respectaría o interese xeral do municipio da Fonsagrada e da súa poboación á non ter que pechar un servizo social público e mellorar o existente, sen deixar nunha situación de desamparo ás persoas maiores dependentes naturais da Fonsagrada, á vez que mantemos a economía prateada xerada coa actividade do propio Centro.



4º.- Con data 19 de setembro de 2022 a Técnica Superior de Edificacións e Obras, da Unidade de Proxectos emite, así mesmo, un fundamentado e pormenorizado informe dende o punto de vista constructivo, que obra no expediente, no que conclúe que:

A demolición do espazo afectado pola actual servidume de lucece vistas da edificación sita na rúa do Parque nº 13 conleva unha importante afección da residencia da terceira idade, tanto na edificación coma no seu uso, repercutindo notablemente no funcionamento do centro e no servizo público que nela sedesenvolve, o que deberá ser convenientemente analizado e valorado polo titular encargado da prestación do servizo.

A incorporación da parcela causante da servidume ao seu uso previsto no Plan Xeral de Ordenación Municipal permite minimizar as afeccións no funcionamento da residencia e, polo tanto, na prestación dos servizos públicos que nela se están a desenvolver, así como ampliar os servizos e/ou capacidade da residencia, de ser éstos necesarios.

5º.- Como se ten posto de manifesto nos diversos informes o solar no que se sitúa o CAM da Fonsagrada está cualificado nunha parte como Sistema Xeral de Equipamentos Comunitarios, cualificación que tamén inclúe a edificación situada no número 13.

6º.- Como se pon de manifesto o Informe técnico urbanístico, emitido pola empresa Abante Ingeniería y Arquitectura, o solar no que se sitúa a Residencia está calificado nunha parte como Sistema Xeral de Equipamentos Comunitarios (S-02), calificación que tamén inclúe a edificación situada no número 13 (a que da orixe á resolución xudicial). Dado que o PXOM de A Fonsagrada califica ese chan como Sistema Xeral de equipamientos comunitarios, esto faculta ao Concello de A Fonsagrada á obtención desos terreos mediante expropiación forzosa, por convenio o por permuta forzosa.

Deste modo poderíase incorporar esa edificación ás instalacións da Residencia, ben reformando esa edificación, ou ben procedendo a súa demolición para a creación dunha zona verde ou espazo libre anexo á mesma.

7º.- Dado que, según consta nos informes, especialmente no informe Técnico Social, o cumprimento da Sentenza, que nos ocupa, esixe a demolición, parcial, da edificación do CAM, actualmente existente, o que conlevaría importantes perxuízos para a prestación do servizo e, fundamentalmente para os usuarios da mesma, semella que a opción máis convinte para o interese público provincial, de prestación do servizo de benestar social, dentro das tres posibilidades de obtención do terreo que suporía a innecesariedade da demolición (expropiación forzosa, por

convenio o por permuta forzosa), é a adquisición por medio da expropiación forzosa, posibilidade recollida no Plan Xeral do Concello de Fonsagrada.

Lugo a data da sinatura dixital.

O Secretario Xeral,

Asdo.- José Antonio Mourelle Cillero”

Con base no informe transcrito e nos informes realizados pola empresa Abante Arquitectura y Ingeniería, pola Técnico Superior de Edificios e Obras da Unidade de Proxectos da Deputación de Lugo, Ana Belén Mera Arias, pola Xefa de Servizo de Benestar Social e Igualdade, Silvia García López, analizada a situación procedimental posta de manifesto no Informe de Asesoría Xurídica,

Propoño, que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos.

1º.- Iniciar, con base nos informes técnicos e xurídicos obrantes no expediente o procedemento de expropiación forzosa da parcela catastral 7267105PH5776N0001WE do Concello da Fonsagrada.

2º.- Remitir o Acordo ao Xefe de Servizo de Expropiacións co obxecto da tramitación do Expediente sinalado no punto anterior.

3º.- Remitir o presente Acordo a Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo co obxecto de dar traslado ao Xulgado de 1ª Instancia Nº 1 de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES XERAIS QUE REGULAN, XUNTO COAS BASES ESPECÍFICAS, OS PROCESOS SELECTIVOS EXCEPCIONAIS QUE SE CONVOQUEN PARA O INGRESO EN PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA OU PERSOAL LABORAL FIXO NA DEPUTACIÓN DE LUGO, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 – I C) -**





**TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO), COTA XERAL OU COTA DE RESERVA A PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES, SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022 (apartado IC), aprobada por resolución da presidencia de 25.05.2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 120, do 27.05.2022, enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público, seguindo o establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público que autoriza unha taxa adicional para a estabilización do emprego temporal de longa duración.

A disposición adicional 6ª da Lei 20/2021 indica: “As Administracións Públicas convocarán, con carácter excepcional e de acordo co previsto no art. 61.6 e 7 do TREBEP, polo sistema de concurso, aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no art. 2.1, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.

Para executar este apartado da Oferta de Emprego, débense aprobar as convocatorias, as bases xerais e as bases específicas de cada un dos procesos selectivos afectados polo sinalado na Disposición adicional 6ª da Lei 20/202. A publicación, para cumprimento do artigo 2.2 por remisión da DA 6ª da mencionada Lei, deberá realizarse con anterioridade ao 31 de decembro de 2022.

Os criterios xerais de desenvolvemento dos procesos selectivos, foron negociados coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, aprobándose na Mesa Xeral de Negociación do 19.05.2022 sen ningún voto en contra respecto contido no parágrafo 2º da DA6ª que sinala: “Estes procesos, que se realizarán por unha soa vez, poderán ser obxecto de negociación en cada un dos ámbitos territoriais da

Administración do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais e respectarán, en todo caso, os prazos establecidos nesta norma”.

As bases xerais, regularán os aspectos comúns dos procesos selectivos aos que se refire a Disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, sendo complementadas polas bases específicas que se aproben para cada unha das convocatorias, e cumpren co sinalado na normativa de aplicación, isto é:

1) Garanten os principios constitucionais sinalados no Art. 91.2 da LRBRL: “a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria(...), nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”; Art. 55.1, 55.2 e 61.1 do RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP); e no artigo 2.4 da Lei 20/2021: “A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantizará o cumprimento dos principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade (...)”.

2) Establecen como sistema selectivo o concurso, cumprindo o sinalado para os procesos de estabilización aos que se refire a Disposición adicional 6ª da Lei 20/2021.

3) Seguen as recomendación da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021.

4) Cumpren os criterios aprobados na Mesa Xeral de Negociación de data 19.05.2022.

5) Establecen o sistema de incorporación ás listaxes de emprego temporal da entidade previsto na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021.

Á vista do antedito propónse á Xunta de Goberno para cumprimento do disposto no art. 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo que acorde:

1º.- Aprobar as bases xerais que regularán, xunto coas bases específicas, os procesos selectivos excepcionais que se convoquen para o ingreso a prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación Provincial de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - apartado IC) - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición



adicional 6ª da lei 20/2021), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso, acceso libre.

2º.- Ordenar a publicación das presentes bases xerais no BOP, enviando extracto ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e a Boletín Oficial do Estado (BOE).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAIS, O PROCEDIMENTO SELECTIVO EXCEPCIONAL DE LONGA DURACIÓN, PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN DE LUGO EN DÚAS (2) PRAZAS DENOMINADAS TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XERAL, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE, COTA XERAL, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2022 (BOP NÚM. 120, DO 27.05.2022) - APARTADO I C) - NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DA 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A presente convocatoria enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público, seguindo o establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que autoriza unha convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración.

A disposición adicional sexta da Lei 20/2021, indica que “as Administracións Públicas convocarán, con carácter excepcional e de acordo co previsto no artigo 61.6 e 7 do TREBEP, polo sistema de concurso, aquelas prazas que reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estiveran ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade a 1 de xaneiro de 2016. Estes procesos, que se realizarán por unha soa vez (...)”.

En execución da Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, aprobada por resolución da presidencia de 25.05.2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 120, do 27.05.2022, e conforme ao sinalado no art.2.2 da Lei 20/2021, “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022”.

Os criterios xerais de desenvolvemento dos procesos selectivos, foron negociados coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, aprobándose na Mesa Xeral de Negociación do 19.05.2022 sen ningún voto en contra.

Visto que as bases específicas, que se incorporan á presente convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se realizará por unha soa vez que rexerán xunto coas bases xerais os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal aos que resulta de aplicación a disposición adicional sexta da Lei 20/2021, cumpren co sinalado na normativa de aplicación, isto é:

1) Garanten a libre concorrència, así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:

a. Art. 55.1, 55.2 e 61.1 do RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).

b. Art. 2.4 da Lei 20/2021 “A articulación de estes procesos selectivos, que, en todo caso, garantirán o cumprimento dos principios de libre concorrència, igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

2) Establecen como sistema selectivo o concurso, cumprindo o establecido para as convocatorias excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración ás que se refire a disposición adicional sexta da Lei 20/2021.

3) Cumpren as recomendacións da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021 (disposición adicional 6ª).



4) Cumplen os criterios aprobados na Mesa Xeral de Negociación de data 19.05.2022 para as convocatorias excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración.

5) Establecen o sistema de incorporación ás listaxes de emprego temporal da entidade previsto na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021.

Proponse á Xunta de Goberno que, en cumprimento do sinalado no art. 2.2, da Lei 20/2021 que dispón que “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberán producirse antes do 31 de decembro de 2022” e do disposto no art. 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo que:

1º.- Convoque o procedemento selectivo para o ingreso nas prazas, vacantes e dotadas, incluídas na OEP do ano 2022 – IC) Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición adicional sexta da Lei 20/2021), apartado - IC) 1 Réxime xurídico administrativo, acceso libre, polo sistema de concurso, que a continuación se sinalan:

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN	COTA
15	Técnico/a Administración Xeral	Escala de administración xeral, subescala técnica	A – A1	1304	Técnico/a Administración Xeral Entrada	Xeral
20				1156		

2º.- Aprobe as bases específicas que, xunto coas bases xerais, regularán o proceso selectivo para o acceso ás prazas sinaladas no punto 1º.

3º.- Ordene a publicación da presente convocatoria e bases específicas no BOP, enviando extracto ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e a Boletín Oficial do Estado (BOE).

4º.- Ordene notificar a publicación da convocatoria e das bases específicas no BOP, ás persoas que prestan servizos temporais vinculados as prazas/postos que se convocan, ao obxecto de informar de que “a non participación do/a candidato/a no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso”, segundo o establecido no art. 2.6 da Lei 20/2021.

5º.- Dispoña que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo con anterioridade ao 31.12.2024, tal e como sinala o art. 2.2 da Lei 20/2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAIS, O PROCEDIMENTO SELECTIVO EXCEPCIONAL DE LONGA DURACIÓN, PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN DE LUGO NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A XESTIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE, COTA XERAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2022 (BOP NÚM. 120, DO 27.05.2022) - APARTADO I C) - NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DA 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A presente convocatoria enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público, seguindo o establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que autoriza unha convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración.

A disposición adicional sexta da Lei 20/2021 indica que “as Administracións Públicas convocarán, con carácter excepcional e de acordo co previsto no artigo 61.6 e 7 do TREBEP, polo sistema de concurso, aquelas prazas que reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estiveran ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade a 1 de xaneiro de 2016. Estes procesos, que se realizarán por unha soa vez (...)”.



En execución da Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, aprobada por resolución da presidencia de 25.05.2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 120, do 27.05.2022, e conforme ao sinalado no art.2.2 da Lei 20/2021, “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022”.

Os criterios xerais de desenvolvemento dos procesos selectivos, foron negociados coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, aprobándose na Mesa Xeral de Negociación do 19.05.2022 sen ningún voto en contra.

Visto que as bases específicas, que se incorporan á presente convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se realizará por unha soa vez que rexerán xunto coas as bases xerais os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal aos que resulta de aplicación a disposición adicional sexta da Lei 20/2021, cumpren co sinalado na normativa de aplicación, isto é:

1) Garanten a libre concorrancia, así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:

a. Art. 55.1, 55.2 e 61.1 do RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).

b. Art. 2.4 da Lei 20/2021 “A articulación de estes procesos selectivos, que, en todo caso, garantirán o cumprimento dos principios de libre concorrancia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

2) Establecen como sistema selectivo o concurso, cumprindo o establecido para as convocatorias excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración ás que se refire a disposición adicional sexta da Lei 20/2021.

3) Cumpren as recomendacións da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021 (disposición adicional 6ª).

4) Cumpren os criterios aprobados na Mesa Xeral de Negociación de data 19.05.2022 para as convocatorias excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración.

5) Establecen o sistema de incorporación ás listaxes de emprego temporal da entidade previsto na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021.

Proponse á Xunta de Goberno que, en cumprimento do sinalado no art. 2.2 da Lei 20/2021, que dispón que “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberán producirse antes do 31 de decembro de 2022” e do disposto no art. 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo que:

1º.- Convoque o procedemento selectivo para o ingreso na praza, vacante e dotada, incluída na OEP do ano 2022 – IC) Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional sexta da Lei 20/2021), apartado - IC) 1 Réxime xurídico administrativo, acceso libre, polo sistema de concurso, que a continuación se sinala:

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN	COTA
I81	Técnico/a Xestión	Escala de administración xeral, subescala xestión	A – A2	1208	Técnico/a Xestión Entrada	Xeral

2º.- Aprobe as bases específicas que, xunto coas bases xerais, regularán o proceso selectivo para o acceso á praza sinalada no punto 1º.

3º.- Ordene a publicación da presente convocatoria e bases específicas no BOP, enviando extracto ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e a Boletín Oficial do Estado (BOE).

4º.- Ordene notificar a publicación da convocatoria e das bases específicas no BOP, á persoa que presta servizos temporais vinculados á praza/posto que se convoca, ao obxecto de informar de que “a non participación do/a candidato/a no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso”, segundo o establecido no art. 2.6 da Lei 20/2021.

5º.- Dispoña que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo con anterioridade ao 31.12.2024, tal e como sinala o art. 2.2 da Lei 20/2021.”





A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAIS, O PROCEDIMENTO SELECTIVO EXCEPCIONAL DE LONGA DURACIÓN, PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN DE LUGO NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A XESTIÓN (POSTO TÉCNICO DE XESTIÓN-TALLER ACCIÓNS FORMATIVAS ENTRADA), POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE, COTA XERAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2022 (BOP NÚM. 120, DO 27.05.2022) - APARTADO I C) - NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DA 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A presente convocatoria enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público, seguindo o establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que autoriza unha convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración.

A disposición adicional sexta da Lei 20/2021 indica que “as Administracións Públicas convocarán, con carácter excepcional e de acordo co previsto no artigo 61.6 e 7 do TREBEP, polo sistema de concurso, aquelas prazas que reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estiveran ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade a 1 de xaneiro de 2016. Estes procesos, que se realizarán por unha soa vez (...)”.

En execución da Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, aprobada por resolución da presidencia de 25.05.2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 120, do 27.05.2022, e conforme ao sinalado no art.2.2 da Lei

20/2021, “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022”.

Os criterios xerais de desenvolvemento dos procesos selectivos, foron negociados coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, aprobándose na Mesa Xeral de Negociación do 19.05.2022 sen ningún voto en contra.

Visto que as bases específicas, que se incorporan á presente convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se realizará por unha soa vez que rexerán xunto coas bases xerais os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal aos que resulta de aplicación a disposición adicional sexta da Lei 20/2021, cumpren co sinalado na normativa de aplicación, isto é:

1) Garanten a libre concorrència, así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:

a. Art. 55.1, 55.2 e 61.1 do RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).

b. Art. 2.4 da Lei 20/2021 “A articulación de estes procesos selectivos, que, en todo caso, garantirán o cumprimento dos principios de libre concorrència, igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

2) Establecen como sistema selectivo o concurso, cumprindo o establecido para as convocatorias excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración ás que se refire a disposición adicional sexta da Lei 20/2021.

3) Cumpren as recomendacións da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021 (disposición adicional 6ª).

4) Cumpren os criterios aprobados na Mesa Xeral de Negociación de data 19.05.2022 para as convocatorias excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración.

5) Establecen o sistema de incorporación ás listaxes de emprego temporal da entidade previsto na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021.



Propónse á Xunta de Goberno que, en cumprimento do sinalado no art. 2.2 da Lei 20/2021, que dispón que “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberán producirse antes do 31 de decembro de 2022” e do disposto no art. 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo que:

**1º.-** Convoque o procedemento selectivo para o ingreso na praza, vacante e dotada, incluída na OEP do ano 2022 – IC) Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional sexta da Lei 20/2021), apartado - IC) 1 Réxime xurídico administrativo, acceso libre, polo sistema de concurso, que a continuación se sinala:

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN	COTA
1165	Técnico/a Xestión	Escala de administración xeral, subescala xestión	A – A2	1171	Técnico/a Xestión-Taller e Accións Formativas Entrada	Xeral

**2º.-** Aprobe as bases específicas que, xunto coas bases xerais, regularán o proceso selectivo para o acceso á praza sinaladas no punto 1º.

**3º.-** Ordene a publicación da presente convocatoria e bases específicas no BOP, enviando extracto ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e a Boletín Oficial do Estado (BOE).

**4º.-** Ordene notificar a publicación da convocatoria e das bases específicas no BOP, á persoa que presta servizos temporais vinculados á praza/posto que se convoca, ao obxecto de informar de que “a non participación do/a candidato/a no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso”, segundo o establecido no art. 2.6 da Lei 20/2021.

**5º.-** Dispoña que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo con anterioridade ao 31.12.2024, tal e como sinala o art. 2.2 da Lei 20/2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAIS, O PROCEDIMENTO SELECTIVO EXCEPCIONAL DE LONGA DURACIÓN, PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN DE LUGO EN DÚAS (2) PRAZAS DENOMINADAS ADMINISTRATIVO/A, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE, COTA XERAL, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2022 (BOP NÚM. 120, DO 27.05.2022) - APARTADO I C) - NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DA 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A presente convocatoria enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público, seguindo o establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que autoriza unha convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración.

A disposición adicional sexta da Lei 20/2021 indica que “as Administracións Públicas convocarán, con carácter excepcional e de acordo co previsto no artigo 61.6 e 7 do TREBEP, polo sistema de concurso, aquelas prazas que reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estiveran ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade a 1 de xaneiro de 2016. Estes procesos, que se realizarán por unha soa vez (...)”.

En execución da Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, aprobada por resolución da presidencia de 25.05.2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 120, do 27.05.2022, e conforme ao sinalado no art.2.2 da Lei 20/2021, “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022”.



Os criterios xerais de desenvolvemento dos procesos selectivos, foron negociados coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, aprobándose na Mesa Xeral de Negociación do 19.05.2022 sen ningún voto en contra.

Visto que as bases específicas, que se incorporan á presente convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se realizará por unha soa vez que rexerán xunto coas as bases xerais os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal aos que resulta de aplicación a disposición adicional sexta da Lei 20/2021, cumpren co sinalado na normativa de aplicación, isto é:

1) Garanten a libre concorrancia, así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:

a. Art. 55.1, 55.2 e 61.1 do RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).

b. Art. 2.4 da Lei 20/2021 “A articulación de estes procesos selectivos, que, en todo caso, garantirán o cumprimento dos principios de libre concorrancia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

2) Establecen como sistema selectivo o concurso, cumprindo o establecido para as convocatorias excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración ás que se refire a disposición adicional sexta da Lei 20/2021.

3) Cumpren as recomendacións da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021 (disposición adicional 6ª).

4) Cumpren os criterios aprobados na Mesa Xeral de Negociación de data 19.05.2022 para as convocatorias excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración.

5) Establecen o sistema de incorporación ás listaxes de emprego temporal da entidade previsto na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021.

Proponse á Xunta de Goberno que, en cumprimento do sinalado no art. 2.2, da Lei 20/2021 que dispón que “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das

prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberán producirse antes do 31 de decembro de 2022”e do disposto no art. 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo que:

**1º.-** Convoque o procedemento selectivo para o ingreso nas prazas, vacantes e dotadas, incluídas na OEP do ano 2022 – IC) Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional sexta da Lei 20/2021), apartado - IC) 1 Réxime xurídico administrativo, acceso libre, polo sistema de concurso, que a continuación se sinalan:

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN	COTA
184 1228	Administrativo/a	Escala de administración xeral, subescala administrativa	C - C1	1129 1294	Administrativo/a Entrada	Xeral

**2º.-** Aprobe as bases específicas que, xunto coas bases xerais, regularán o proceso selectivo para o acceso ás prazas sinaladas no punto 1º.

**3º.-** Ordene a publicación da presente convocatoria e bases específicas no BOP, enviando extracto ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e a Boletín Oficial do Estado (BOE).

**4º.-** Ordene notificar a publicación da convocatoria e das bases específicas no BOP, ás persoas que prestan servizos temporais vinculadas as prazas/postos que se convocan, ao obxecto de informar de que “a non participación do/a candidato/a no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso”, segundo o establecido no art. 2.6 da Lei 20/2021.

**5º.-** Dispoña que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo con anterioridade ao 31.12.2024, tal e como sinala o art. 2.2 da Lei 20/2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



**14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAIS, O PROCEDIMENTO SELECTIVO EXCEPCIONAL DE LONGA DURACIÓN, PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN DE LUGO EN SEIS (6) PRAZAS DENOMINADAS AUXILIAR, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE, CINCO (5) DA COTA XERAL E UNHA (1) DA COTA PARA PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES (ART. 59.1 DO TREBEP), INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2022 (BOP NÚM. 120, DO 27.05.2022) - APARTADO I C) - NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DA 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A presente convocatoria enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público, seguindo o establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que autoriza unha convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración.

A disposición adicional sexta da Lei 20/2021 indica que “as Administracións Públicas convocarán, con carácter excepcional e de acordo co previsto no artigo 61.6 e 7 do TREBEP, polo sistema de concurso, aquelas prazas que reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estiveran ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade a 1 de xaneiro de 2016. Estes procesos, que se realizarán por unha soa vez (...)”.

En execución da Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, aprobada por resolución da presidencia de 25.05.2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 120, do 27.05.2022, e conforme ao sinalado no art.2.2 da Lei 20/2021, “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022”.

Os criterios xerais de desenvolvemento dos procesos selectivos, foron negociados coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, aprobándose na Mesa Xeral de Negociación do 19.05.2022 sen ningún voto en contra.

Visto que as bases específicas, que se incorporan á presente convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se realizará por unha soa vez que rexerán xunto coas as bases xerais os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal aos que resulta de aplicación a disposición adicional sexta da Lei 20/2021, cumpren co sinalado na normativa de aplicación, isto é:

1) Garanten a libre concorrència, así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:

a. Art. 55.1, 55.2 e 61.1 do RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).

b. Art. 2.4 da Lei 20/2021 “A articulación de estes procesos selectivos, que, en todo caso, garantirán o cumprimento dos principios de libre concorrència, igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

2) Establecen como sistema selectivo o concurso, cumprindo o establecido para as convocatorias excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración ás que se refire a disposición adicional sexta da Lei 20/2021.

3) Cumpren as recomendacións da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021 (disposición adicional 6ª).

4) Cumpren os criterios aprobados na Mesa Xeral de Negociación de data 19.05.2022 para as convocatorias excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración.

5) Establecen o sistema de incorporación ás listaxes de emprego temporal da entidade previsto na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021.

Propónse á Xunta de Goberno que, en cumprimento do sinalado no art. 2.2, da Lei 20/2021 que dispón que “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das





prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberán producirse antes do 31 de decembro de 2022”e do disposto no art. 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo que:

1º.- Convoque o procedemento selectivo para o ingreso nas prazas, vacantes e dotadas, incluídas na OEP do ano 2022 – IC) Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición adicional sexta da Lei 20/2021), apartado - IC) 1 Réxime xurídico administrativo, acceso libre, polo sistema de concurso, que a continuación se sinalan:

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN	COTA
451 628 777 825 188	Auxiliar	Escala de administración xeral, subescala auxiliar	C – C2	363 16 1142 1252 1133	Auxiliar Entrada	Xeral
824				1251		Reserva persoas con capacidades diferentes

2º.- Aprobe as bases específicas que, xunto coas bases xerais, regularán o proceso selectivo para o acceso ás prazas sinaladas no punto 1º.

3º.- Ordene a publicación da presente convocatoria e bases específicas no BOP, enviando extracto ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e a Boletín Oficial do Estado (BOE).

4º.- Ordene notificar a publicación da convocatoria e das bases específicas no BOP, ás persoas que presten servizos temporais vinculadas as prazas/postos que se convocan, ao obxecto de informar de que “a non participación do/a candidato/a no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso”, segundo o establecido no art. 2.6 da Lei 20/2021.

5º.- Dispoña que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo con anterioridade ao 31.12.2024, tal e como sinala o art. 2.2 da Lei 20/2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

